



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO QUE CURSA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co proxecto de Orde pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, emite o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 1 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en harmonía co disposto no artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia, dispón que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 20 que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. O artigo 6 bis da citada lei define a distribución de competencias entre as distintas administracións educativas, mesmo con respecto aos centros docentes. Nesta distribución competencial correspóndelle ao Goberno do Estado, entre outras funcións, o deseño do currículo básico co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire a lei orgánica. En exercicio desta competencia ditouse o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria no sistema educativo galego. No capítulo segundo do seu título segundo regúlase a avaliación e a promoción, establecendo o grao de adquisición de competencias e o logro dos obxectivos da



etapa como os referentes para as avaliacións. Tamén se detallan os documentos oficiais de avaliación.

2. Necesidade e oportunidade

As modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, respecto da avaliación en educación primaria, así como o que en relación coa avaliación, a promoción e os documentos oficiais de avaliación dispoñen o Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, fan necesario adaptar a normativa que regule a avaliación ao disposto nas normas citadas.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Vicesecretaría Xeral o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade
- Unha memoria económico- financeira
- Unha táboa de vixencias

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do proxecto de orde asinado polo titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Vicesecretaría Xeral elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte do titular da consellería (artigos 41.2.c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o proxecto de orde publicouse na páxina web da Consellería (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA, solicitouse, con data 21 de marzo de 2016, informe á Asesoría Xurídica da consellería. O día 22 de marzo de 2016 o devandito órgano informou favorablemente o proxecto de orde.

4. Legalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación do titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De acordo co indicado, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade e se axusta á legalidade vixente, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela, 7 de junio de 2016

O secretario xeral técnico



Jesús Oitavén Barcala

